



FUNDACIÓN PENZOL MEMORIA DE ACTIVIDADES 2019

I. RECOÑECIMENTOS, NOMEAMENTOS

Nomeamento do noso presidente, Manuel Puga Pereira, como académico correspondente na Reial Academia de Farmacia de Catalunya. A lectura do discurso de ingreso está prevista para marzo de 2020.

Xaneiro: O noso padroeiro Henrique Monteagudo Romero tomou posesión da cátedra de Filoxía Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela.

20 de agosto: entrega á Fundación Penzol do galardón “O caxato de Avelino” VII edición, concedido pola Irmandade Avelino Pousa, a Irmandade Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos. Entregado no salón de plenos do Concello de Teo. Foi recibido polo noso director, Francisco Domínguez Martínez, quen pronunciou o discurso de agradecemento. Tamén estiveron no acto a padroeira María Dolores Cabrera Iglesias e o padroeiro Silvestre Gómez Xurxo.

Novembro: Pasamento do ex-alcalde de Vigo Manuel Soto Ferreiro, que foi quen levou a termo o primeiro convenio co Concello de Vigo polo que a Fundación Penzol trasladou as súas instalacións á Casa Galega da Cultura no ano 1985. Fíxéronse chegar as nosas condolencias á súa viuva, Purificación del Palacio, e familia.

Decembro: A Facultade de Filosofía da USC entregou á Fundación Penzol un diploma de recoñecemento como entidade colaboradora nas prácticas académicas do seu alumnado, que foi recolleito polo noso padroeiro Silvestre Gómez Xurxo.

II. ACTIVIDADES DE XESTIÓN E CULTURAIS DESENVOLVIDAS POLA FUNDACIÓN PENZOL

1. Xestión

28 de xaneiro: Alta no réxime fiscal especial regulado polo Título II da Lei 49/2002, de 23 de decembro, das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais de mecenado.

Neste ano quedaron incorporados ao noso patrimonio dúas participacións en dous baixos por legado recibido de Xaime Isla Couto. Formalizouse a escritura notarial e fíxose a correspondente inscrición no Rexistro da Propiedade.



2. Culturais

21 de febreiro: Sumámonos á Celebración do Día de Rosalía (24 de febreiro) subindo ao Facebook un texto sobre o escrito de Ricardo Carvalho Calero, a figura homenaxeada para o Días das Letras Galegas”, no libro publicado por Galaxia “7 ensayos sobre Rosalía”, acompañado de fotos da portada do mesmo e do manuscrito que gardamos nos nosos fondos.

20 de marzo: Celebración do Día Mundial da poesía subindo ao Facebook un texto sobre a obra de Ramón Otero Pedrayo “Xeórxicas do pan”, editada coa nosa colaboración no ano de 2013, despois de terse descuberto o manuscrito o ano anterior nos fondos, recibidos como legado do patriarca da cultura galega.

26 de marzo: Celebración do Día Internacional do Teatro (27 de marzo) subindo ao Facebook un texto que dá noticia sobre a obra de Castelao “Os vellos non deben de namorarse”, acompañado dunha foto de Castelao pintando as máscaras dos actores e outras imaxes gráficas como as fotos da obra editada por Galaxia, dunha carta e da máscara de Pimpinela, que forman parte dos nosos fondos.

2 de abril: Homenaxe a Rosalía de Castro (1837-1885) e á investigadora Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda (1961-2018), organizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e polo IES de Mos (Pontevedra), celebrada na capela do Hostal dos Reis Católicos, lugar onde foi bautizada en 1837 a nosa gran poeta. Pola nosa Fundación, asistiu a padroeira María Dolores Cabrera.

7 de xuño: Conmemoración do Día Internacional dos Arquivos (9 de xuño) coa subida ao noso facebook de dúas imaxes da colección de 287 pergamiños, séculos XII a XVII, que forman parte dos nosos fondos arquivístico.

24 de outubro: Conmemoración do Día das Bibliotecas coa subida ao noso facebook dunha serie de imaxes das nosas instalacións e información sobre os nosos fondos bibliográficos e hemerográficos, con case 50.000 libros impresos, alén de 160 manuscritos, e máis de 3.000 cabeceiras de revistas, que abrangue dende o ano 1500 ata os nosos días. Especializados en temática de Galicia.

20 de novembro: Celebración do Mes da Ciencia coa subida ao facebook de varias imaxes do “Almanaque Agrícola ZZ”, da colección existente nos nosos fondos. Publicación nacida en 1953, a proposta de Fidel Isla Couto.

Durante todo o ano 2019 recibimos a visita de 273 persoas en grupos procedentes de centros de ensino, asociacións, alumnado de universidades de Galicia e tamén unha visita



do alumnado do Centro Santiago Apóstol de Buenos Aires. Nestas visitas guiadas cóntase unha breve biografía da Fundación Penzol e faise un percorrido polas instalacións de biblioteca e arquivo.

III. ACTIVIDADES PROMOVIDAS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS NAS QUE COLABOROU / PARTICIPOU A FUNDACIÓN PENZOL

26 de abril: Inauguración na Biblioteca Municipal de Verín da exposición de cartelería do Día das Letras Galegas con reproducións do noso fondo, comisariada pola nosa padroeira M^a Dolores Cabrera Iglesias. Na inauguración, presidida polo Alcalde de Verín, estiveron ademais da comisaria, o Presidente da RAG, Víctor Fernández Freixanes, e o noso Director, Francisco Domínguez.

25 de xullo: Ofrenda floral aos galegos ilustres en San Domingos de Bonaval. Acompañaron o ramo en representación da nosa fundación, Manuel Puga Pereira, presidente, e Silvestre Gómez Xurxo, padroeiro.

4 de outubro: Inauguración da exposición “Cartografía de Galicia: o rostro dun país” na Biblioteca Municipal de Verín, con reproducións do noso fondo cartográfico. Completouse con algunhas outras reproducións de mapas da Biblioteca de Galicia e do Instituto Geográfico por intermediación de Rodolfo Núñez de las Cuevas. Comisariada polo noso director Francisco Domínguez, quen intervúu no acto xunto co Alcalde de Verín e con Rodolfo Núñez de las Cuevas.

9 de outubro: Intervención da nosa padroeira María Dolores Villanueva Gesteira nunha mesa redonda do programa do Congreso “Estado en transición”, organizado pola Universidade de Vigo. Presentou unha recompilación dos fondos da Fundación Penzol referentes ao tema da transición á democracia en España, baseada nunha escolma feita polo noso director Francisco Domínguez.

25 de outubro: Colaboración coa TVG na entrevista feita a Iago Castro Buerger sobre o seu libro, en colaboración con Xosé Henrique Costas, “No obradoiro do fabulador”, editado pola Editorial Galaxia. Consistente na gravación de fondos arquivistas de Álvaro Cunqueiro para a ambientación da entrevista.

3 de novembro: Participación no acto de soterramento das cinzas de Rodolfo Prada e da súa esposa Carmen Fraga nos Peares, asistiron pola Fundación Penzol o Presidente Manuel Puga, o Vicepresidente Antón Vidal e o Director Francisco Domínguez. Debemos sumar tamén a presenza de Rosario Blanco, Presidenta do Consello da Cultura Galega, que tamén é padroeira nosa. A Fundación Penzol non podía faltar neste acto pola grande débeda contraída con Rodolfo Prada, que nos entregou o fondo Castelao.



23 de novembro: Presentación do folleto **Peza do mes** da Fundación Otero Pedrayo correspondente a novembro de 2019, co título “As viaxes de Otero Pedrayo”. A Fundación Penzol proporcionou reproducións dun pasaporte do 28 de xuño de 1954 e dunha carta venezolana de turismo do 28 de decembro de 1957. Na presentación estiveron expostas as pezas orixinais. Asistiron o Presidente e Vicepresidente, Manuel Puga Pereira e Antón Vidal Andión, respectivamente.

EXPOSICIÓN “CARLOS MASIDE EN COMBARRO: 1952”, do 03/05/2019 ao 16/06/2019. Organizada polo Museo de Pontevedra, Pontevedra.

EXPOSICIÓN “GALICIA, UN RELATO NO MUNDO”, do 08/11/2019 ap 12/04/2020. Organizada polo Museo Centro Gaiás, Santiago de Compostela.

IV. DIFUSIÓN

1. Boletín Novas Penzol

Grazas ao labor do noso padroeiro Silvestre Gómez Xurxo e ao apoio do noso persoal técnico, durante o ano 2019 continuamos coa difusión dos fondos bibliográficos e documentais desta institución, complementada cos da biblioteca-arquivo Francisco Fernández del Riego, que comparten a nosa mesma sede:

- “ Antón Fraguas: Compromiso co saber popular”. Nº 20, xaneiro 2019
- “ Álvaro Cunqueiro: O meigo das primaveras”. Nº 21, xuño 2019

2. Facebook

Nesta rede rematamos o ano con 1698 seguidores.

3. Visitas institucionais

6 de xuño: Visita da alcaldesa de Mondoñedo, Elena Candia, na súa condición de presidenta da Fundación Casa Museo de Álvaro Cunqueiro, con obxecto de tratar sobre o establecemento de colaboracións en actividades programadas polo Museo. Foi recibida polo noso presidente, Manuel Puga Pereira, e polo Director, Francisco Domínguez Martínez. Designouse como interlocutor a Armando Requeixo Cuba, quen estableceu contacto connosco no mes de outubro.

13 de novembro: Reunión do noso Presidente, Manuel Puga Pereira, co Concelleiro de Cultura de Vigo, Abel Losada, para tratar asuntos varios relativos ao funcionamento da Fundación Penzol e ás prestacións recibidas por parte do Concello de Vigo.



4. Outras visitas

19 de xullo: visita de Aíxa Pérez Prado e a súa familia na que se lles mostrou o fondo que leva o nome do seu pai, Antonio Pérez Prado, no Arquivo da Fundación Penzol, Os documentos foron doados por ela no seu día.

V. FONDOS BIBLIOGRÁFICOS

1. Incremento de fondos bibliográficos

Monografías rexistradas: 827 títulos

Revistas rexistradas: 12 títulos

Nestes datos están incluídas as monografías e revistas correspondentes á doazón pendente de formalizar dos fondos de Avelino Pousa Antelo.

2. Catalogación informatizada de fondos bibliográficos

Monografías: 1129 rexistros

Revistas: 25 rexistros

VI. FONDOS ARQUIVÍSTICOS

No mes de xaneiro comenzáronse a subir por primeira vez ao catálogo de arquivo imaxes do noso fondo dixital. Concretamente as da colección de documentos en pergamiño (séculos XII a XVI).

Catalogouse o fondo de Xohán Vicente Viqueira coa axuda conseguida ao abeiro da convocatoria da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. Executáronse 155 rexistros. Os documentos ocupan 0.88 metros lineais en 8 caixas de instalación. Ademais das fotografías.

No mes de maio detectouse un ataque por hackeo ao sistema do Concello de Vigo a través do noso programa-catálogo de arquivo. Desde aquela non está dispoñible a aplicación na web á espera de dispoñer dun novo programa con maior protección contra ataques. As consultas unicamente se poden xestionar por teléfono, correo-electrónico ou presencialmente.

1. Incremento de fondos arquivísticos

Recibiuse a documentación dos fondos de Avelino Pousa Antelo, que está pendente de clasificar e de formalizar a doazón por parte da familia.



Entrega de documentación con manuscritos, traballos de alumnos, papeis persoais e algunhas publicacións de Evaristo de Sela, doados pola súa familia. Pendente de formalizar a doazón. O material está clasificado temáticamente e xa pode ser consultado.

Xaneiro 2019: O noso padroeiro Francisco Díaz-Fierros Viqueira fixo doazón dun feixe de documentos e planos referentes á explotación das marismas de Reme e Porto, do río Eo, concedida a Carlos Casas y Estepa ao abeiro da Real Orde de 2 de xaneiro de 1871. O expediente contén oficios, correspondencia, debuxos e planos, contas de gastos, etc.

O 28 de febreiro formalizouse a doazón do fondo documental de Álvaro Cunqueiro Mora, feita polo seu fillo César Cunqueiro González-Seco nun acto público ao que asistiron 30 persoas. Os documentos están ordenados por materias e ocupan 11 caixas de arquivo e 2 cartafoles. Aínda que non están catalogados, pódense consultar despois de feita esta primeira ordenación. Participaron na mesa pola Fundación Penzol o presidente, Manuel Puga; o director, Francisco Domínguez, e a secretaria Inma Valeixe, ademais do doante César Cunqueiro González-Seco.

O 30 de outubro tivo lugar a sinatura de doazón dos fondos documentais da Fundación Premios da Crítica de Galicia á Fundación Penzol. O acto público contou coa presenza dos medios de comunicación. Tamén asistiu o Presidente da RAG, Víctor Freixanes. Participaron na mesa pola Fundación Penzol o presidente, Manuel Puga; o director, Francisco Domínguez, e a secretaria Inma Valeixe. Pola Asociación Premios da Crítica o Presidente, Bieito Ledo, e o Vicepresidente, Antón Pulido. A documentación ocupa 4 caixas de arquivo.

VII. DOADORES

Particulares

ADOLFO DE ABEL VILELA
ANGEL NÚÑEZ SOBRINO
ANTÓN COSTA RICO
ANTÓN VIDAL ANDIÓN
AVELINO POUSA ANTELO (Fondo)
BENIGNO FERNÁNDEZ SALGADO
BERNARDO MÁIZ
BETO LUACES
BIEITO LEDO



CARLOS L. BERNÁRDEZ
CARLOTA ÁLVAREZ-BASSO
CARME HERMIDA
CÉSAR CUNQUEIRO
CHAMADOIRA DO CASAL
DIEGO GIRÁLDEZ
EVA FERNÁNDEZ DEZA
FERNANDO ARRIBAS ARIAS
FRANCISCO DÍAZ-FIERROS
FRANCISCO DOMÍNGUEZ
FUNDACIÓN CELSO EMILIO
FERREIRO
HENRIQUE COSTAS
IRIA-FRINÉ RIVERA VÁZQUEZ
JAIME LÓPEZ ARIAS
J. CARLOS CABEZAS VILLAVERDE
JUAN MASAGUER
JUAN MIGUEL GONZÁLEZ
FERNÁNDEZ
MANUEL ALONSO MACÍAS
MANUEL ANXO REI CHAO
MANUEL PUGA PEREIRA
MANUEL JANEIRO
MARIA DOLORES CABRERA
MARTINHO MONTERO SANTALHA
ÓSCAR PAZOS RODRÍGUEZ
PEDRO LÓPEZ GÓMEZ
SANTIAGO LENS LOURIDO
SILVESTRE GÓMEZ XURXO
XERARDO DASAIRAS VALSA
XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ
XOSÉ ANTONIO GULÍAS LAMAS
XOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ
SALGADO
XOSÉ ENRIQUE ACUÑA
XULIÁN PARGA



Editoriais

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

ENCRUCILLADA

GALAXIA

Institucións

AMIGOS DE LOS PAZOS

ANUARIO BRIGANTINO

ARQUIVO PROVINCIAL DE LUGO

ASOCIACIÓN LENDA SAÚDE MENTAL

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO

CIDADE DA CULTURA

CLUB PEÑA TREVINCA

CONCELLO DA CORUÑA

CONCELLO DE LALÍN

CONCELLO DE OUTES

CONCELLO DE REDONDELA

CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE VERÍN

CONCELLO DE VIGO

CONCELLO DO PORRIÑO

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

FUNDACIÓN RAMÓN OTERO PEDRAYO

INDUSTRIA CONSERVERA

INDUSTRIAS PESQUERAS

INSTITUTO PADRE SARMIENTO

INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES

INSTITUTO DE ESTUDIOS ULLOÁNS

IRIMIA

MUSEO ARQUEOLÓXICO DE OURENSE

MUSEO ARTE CONTEMPORÁNEA (SANTIAGO)



MUSEO DE PONTEVEDRA
MUSEO MASSÓ
MUSEO ETNOLÓXICO DE RIBADAVIA
MUSEO PEDAGÓXICO DE GALICIA
REAL ACADEMIA GALEGA
REAL ACADEMIA DE FARMACIA DE GALICIA
SEPT
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
UNIVERSIDADE DE VIGO
XUNTA DE GALICIA

VIII. PRÉSTAMOS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

O préstamo de orixinais da biblioteca e do arquivo, para a edición de facsímiles, publicacións e reproducións gráficas e audiovisuais, así como para o desenvolvemento de exposicións, supón unha aportación imprescindible para algunhas iniciativas culturais organizadas por diversas institucións públicas e privadas.

Préstamos 2019	Total pezas
Traballos editoriais e difusión	7
Exposicións	2

X. SERVIZO DE PRESTÁMO INTERBIBLIOTECARIO

- Bibliotecas prestamistas: Facultade de Bioloxía (USC) e Pública de León.
- Usuarios prestameiros: 2
- Pezas: 2



IX. ESTADÍSTICAS

Neste ano 2019, igual que no 2018, os nosos servizos de biblioteca e arquivo só estiveron abertos ao público pola mañá, debido a razóns de tipo técnico.

1. SERVICIO DE CONSULTA EN SALA: USUARIOS CLASIFICADOS POR TIPO DE CONSULTA

2019	Teses	Investigación	Traballos académicos	Outros	Total
xaneiro	3	50	5	24	82
febreiro	0	20	0	10	30
marzo	1	17	3	2	23
abril	0	16	3	7	26
maio	0	8	0	13	21
xuño	4	20	2	5	31
xullo	1	28	0	7	36
agosto	0	24	0	5	29
setembro	0	35	7	11	53
outubro	1	44	1	14	60
novembro	5	26	1	19	51
decembro	3	13	1	11	28
TOTAL	18	301	23	128	470
TOTAL CONSULTAS EN SALA					470



2. SERVICIO DE CONSULTA EN SALA: CONSULTAS CLASIFICADAS POR TIPO DE MATERIAIS

2019	Libros	Revistas	Arquivo	Total consultas
xaneiro	295	31	10	336
febreiro	82	4	10	96
marzo	51	5	8	64
abril	106	11	2	119
maio	89	10	1	100
xuño	101	8	20	129
xullo	78	14	2	94
agosto	90	21	71	182
setembro	181	13	0	194
outubro	120	25	27	172
novembro	133	15	4	152
decembro	55	18	30	103
TOTAL	1381	175	185	1741
TOTAL USUARIOS EN SALA				1741

3. CONSULTAS EN INTERNET

Consultas en Arquivo: 1.056 (desde primeiros de maio ata finde ano estivo bloqueado o acceso)

Consultas en Biblioteca: 1.904

- Consultas na Fundación Penzol institución: 2.245

4. Servizo de información bibliográfica e referencia por teléfono e/ou por correo-e

- Nº de usuarios: 17
- Nº de fondos consultados: 51



5. Servizo de copia das coleccións

- Nº de fotocopias: 2.608
- Nº de dixitalizacións: 378
- Nº de usuarios / solicitudes: 55 (de fotocopias), 35 (de dixitalizacións)

6. Temas das consultas e investigacións

XANEIRO

- O reino suevo
- Os ríos de Vigo
- María Marçal e Rosalía de Castro
- Historia antiga de Galicia
- Inéditos de Rosalía
- Álvaro Cebreiro
- Cancións populares
- Ferreiros de Galicia
- Teatro en Galicia
- Siria e Galicia
- Revistas galegas
- Cruces de Galicia
- Cuadernos de estudos gallegos
- Arquitectura popular en Galicia
- Nacionalismo romántico
- Florencio Delgado Gurriarán
- Beade
- Antón Fraguas
- O raposo en Galicia
- Revistas galegas e feminismo
- Álvaro Cunqueiro
- Acibecheiros
- A novela curta
- Maquis e toupos en Galicia
- Amado Carballo
- Federico García Lorca
- Psiquiatría en Galicia
- Novas Penzol
- Cunqueiro e Lorca
- Editores galegos
- Eugenio Carré Aldao
- Rosalía de Castro
- Historia das mulleres



- Pazo de Lusco (Salvaterra de Miño)
- Os pazos galegos
- Estudo histórico sobre o edificio n. 46 da Rúa Areal (Antigo Reitorado)
- Conde de Gondomar

FEBREIRO

- Toponimia da parroquia de San Salvador de Teis
- Arquitectura popular en Galicia
- O salmón
- A novela curta
- A cría de gaivotas na cidade de Vigo
- Moedas de Galicia
- O folclore na obra de Antón Fraguas
- Ramón Otero Pedrayo e Antonio Fraguas
- Manuel Antonio
- Fonte de Neptuno
- Xenealoxías galegas
- Gramática comparativa española
- Álvaro Cunqueiro
- Revistas galegas
- Salvador García Bodaño
- Leopoldo Varela
- Luis Pimentel
- Correspondencia de García Sabell
- La sociedad de Vigo (1900-1940)
- Publicación das obras de Francisca Herrera

MARZO

- Correspondencia Batista i Roca
- Viale Moutinho
- Poder local en Vigo nos séculos XVII e XVIII
- A novela curta
- Artigos de Álvaro Cunqueiro
- Literatura portuguesa
- Os curas obreiros e o sindicalismo galego
- Literatura galega
- Historia de Ribadavia e os seus arredores
- Historia política
- Diccionario da comida galega
- Antón Fraguas



- Peste en Vigo s. XVI
- Caderno de notas de Álvaro Cunqueiro
- Estudo histórico do Mosteiro de Santa María de Oseira
- Poder municipal e social en Vigo (1600-1835)

ABRIL

- Antonio Fraguas e a música
- Carballo Calero
- Autógrafos de Rosalía
- A sociedade de Vigo e a súa evolución
- Batallón literario
- Cultura galega
- Poder local de Vigo
- Rosalía de Castro
- A toponimia da parroquia de San Salvador de Teis
- A novela curta
- Dedicatorias a Antonio López Ferreiro
- Vigo durante os anos 1936-39: refuxios antiaéreos
- Cargadeiro mineral “Minerales de Hierro de Galicia S.A.”
- Templo votivo e arco visigótico de Panxón

MAIO

- Unidade didáctica Antón Fraguas
- Arco visigótico de Panxón
- Galeguismo / Mar
- Juan G. del Valle
- Información de “Penas de Rodas” en Outeiro de Rei (Lugo)
- O Pazo dos Marqueses de Valladares
- Revistas galegas
- Exposicións de Juan Otero García (caixas de foleltos)
- Tombo de Celanova
- María Mariño Carou
- Cultura dun pobo mariñeiro
- Correspondencia Pablo Martí Zarro
- A Segra en Castela
- Literatura do exilio



XUÑO

- Manuel Colmeiro
- José Rodríguez González, matemático
- O teatro lírico en Vigo
- A industria
- Publicacións periódicas
- Arquitectura civil romana
- Santiago Charfolé
- Mapa do franquismo
- Vigo
- Oliveira Salazar
- Cargadoiro mineral de ferro de Rande
- Galeras españolas no Atlántico 1580-1604
- Antonio Fraguas e a música
- Ramón Menéndez Pidal
- Alvaro Cunqueiro (Novas Penzol)
- Dedicatorias autógrafas nos libros de López Ferreiro
- Os suevos
- Ricardo Carballo Calero
- Mercè Marçal

XULLO

- A tradición clásica en Pondal e na poesía galega
- Os suevos
- O Seminario de Estudos Galegos
- A fauna de Galicia
- A exposición industrial de Galicia
- A poesía de Ricardo Carballo Calero
- Exposicións de pintura en Galicia (folletos por materias)
- Análise sobre a obra de Xavier Bóveda
- Os ríos de Vigo
- Castelao
- As traducións da obra de Álvaro Cunqueiro
- Antón Fraguas e a música
- O tirano Francisco Franco
- Toponimia e patrimonio no concello do Irixo
- José Régio
- O Espazo, o poder e a muller na obra realista de Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós
- Economía e política en Vigo
- O cómic de Galicia
- O cargadoiro de mineral de ferro



- A evolución do pensamento médico en Galicia: o caso de Vigo
- Colmeiro
- Vigo no século XVI
- Os primeiros días da guerra civil na prisión de Tui
- Mercè Marçal
- A Biblia
- Rosalía de Castro

AGOSTO

- Os suevos
- A restauração portuguesa
- A exposición industrial de Galicia, 1944
- A Historia compostelana
- Ilustracións e debuxos galegos
- A Revista Nós
- Luís Iglesias
- Biografía de Rodolfo Prada
- Historia natural de Galicia
- Xenealoxía
- Ricardo Carballo Calero
- Antonio Fraguas e a memoria musical de Cotobade
- Historia de Ribadavia e os seus arredores
- Os ríos de Vigo
- O Couto Mixto
- Marcial Adalid
- Estudos sobre a Segunda República
- O lince

SETEMBRO

- Os suevos
- Revista Grial
- Ricardo Carballo Calero
- O rei Don García
- Colmeiro pintor
- Sepulcro apostólico
- Correspondencia de Ramón Cabanillas, Enrique Peinador e Leonardo Rodríguez
- Dedicatorias autógrafas entre siglos
- Historia de Zamáns
- Historia de Galicia



- Vigo y Galicia en el siglo XIX
- Filoloxía galega
- A fonte de Neptuno
- Antonio Noriega Varela
- A novela curta
- Toponimia de Irixo
- Bolboretas de Galicia
- Cartas P. Sobreira
- Fauna galega

OUTUBRO

- Os suevos
- Ricardo Carballo Calero
- Escritores galegos
- Virxinia Pereira: 50 anos da súa morte
- Enrique Peinador
- Exposición Urbano Lugrís e Pereiró (Vigo)
- Anuario brigantino
- Literatura do exilio
- Rosalía de Castro
- Alfonso de Cartagena, bispo de Burgos
- Transición editorial en Galicia
- Centenario da revista Nós
- Fermín Penzol
- Historia de Lugo
- José Rodríguez González
- Fondo Fernando Vázquez Méndez (Arquivo)
- A Nosa Terra
- Fraseoloxía
- A transición editorial en Galicia
- As parroquias da Terra de Montes
- Xeografía de Galicia
- Luís Seoane
- Eduardo Chao
- O Estatuto galego durante a II República
- A colección Benito Soto
- Affaire Dreyfus
- A arte mozárabe en Galicia



NOVEMBRO

- Fondo arquivo Carlos Velo
- Xenealoxías galegas
- Os suevos
- Revistas galegas
- Colección "Narrativa" de Edicións Xerais
- Humor gráfico
- Escena lírica en Vigo
- Rúas viguesas
- Comunicacións no século XIX
- O Carballiño
- O galego
- Darío Álvarez Blázquez
- Ricardo Carballo Calero
- Novas fontes documentais para a historia de Antonio Raymundo Ibáñez
- Berta Cáccamo
- Colmeiro
- Empresarios de Galicia
- Obra de Isaac Díaz Pardo
- Colección "Benito Soto"
- "Villa Pilar" (Casa da Xuventude)
- Contextualización da fotografía en Vigo
- Manuel Gómez del Valle
- Paulo Orosio
- José Rodríguez González
- Ilustracións de "Os vellos non deben de namorarse"

DECEMBRO

- Visións do máis alá en Galicia (Idade Media)
- Vida e milagres de Xan da Coba
- Correspondencia Ramón Otero Pedrayo
- Paleografía
- Corsarios de Vigo
- Epigrafas romanas
- Os suevos
- Xenealoxías galegas
- Revistas galegas
- José Rodríguez
- O Caurel
- A Reconquista



- A modelo de Paco Asorey
- Antecedentes do Rexurdimento galego
- Estudos migratorios
- A Familia Tizón

7. DE EXTENSIÓN BIBLIOTECARIA E CULTURAL: VISITAS ORGANIZADAS Á FUNDACIÓN PENZOL E Á CASA GALEGA DA CULTURA

DATA	Visitas de grupos e actividades	Nº asistentes	
		mañá	tarde
30/01/19	Alumnado do IES Castelao de Vigo	100	
4/04/19	Conservatorio Superior de Música de Vigo	6	
4/04/19	Grupo de Mulleres da Asociación Cultural de San Miguel de Oia		24
20/09/19	Alumnado do Centro Santiago Apóstolo de Bos Aires	24	
26/09/19	Asistentes á Semana de Educación de Pontevedra. CIG-Ensino. ASPG		21
10/10/19	Grupo de usuario de Lenda Saúde Mental de Redondela	51	
5/11/19	Alumnado do Colexio San Juan Bosco de Vigo	23	
12/12/19	Grupo de maiores de UVIGO		24
		204	69
		Total usuarios	



X. PERSOAL: CONTRATOS E PRÁCTICAS

Por medio do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, dúas alumnas realizaron prácticas de catalogación do fondo Ramón Otero Pedrayo en Archivo 3000. A duración foi de 80 horas cada unha, desde o 28 de febreiro ao 27 de marzo. Igualmente incorporouse unha bolsreira que estivo facendo un traballo sobre o fondo de Xohán Vicente Viqueira, durante 80 horas, desde o 30 de maio ao 24 de xullo.

Para cubrir a falta de persoal subalterno prestaron servizo como contratadas temporalmente polo Concello de Vigo dúas persoas durante 6 meses cada unha.

Igualmente, durante dous meses deste ano ata principios de maio, contratou o Concello de Vigo un técnico medio de arquivos por seis meses, a partir do 5 de novembro.

No mes de xuño incorporouse a Directora Técnica, Marián Vidal, que estaba de baixa por enfermidade.

Seguimos contando coa colaboración de Xavier Fernández Nogueira